



nota de prensa

## Veciñanza apoia a folga feminista do 8 M e súmase á mobilización convocada en Cuntis

*Veciñanza apoia a manifestación que para este venres 8 de marzo convoca en Cuntis o movemento feminista e súmase ao chamamento á folga de mulleres. Partirá ás sete e media dende o Centro de Saúde e percorrerá as rúas da vila.*

Cuntis. 06 de marzo de 2019

O feminismo é o movemento pola igualdade máis xusto e de maior potencial de cantos conviven hoxe en día entre nós. **Veciñanza é feminista por definición e por convicción e así o demostramos na nosa práctica diaria.** Por iso, tal e como xa fixemos o ano pasado, **apoiamos sen fisuras a folga deste 8 de marzo** e sumámonos a todas e cada unha das reivindicacións do feminismo en prol da igualdade real.

**O movemento feminista convocou en Cuntis a mobilización do 8 de marzo**, facendo que prendan por todo o País sen estaren restrinxidas unicamente estas manifestacións ás vilas máis grandes. **Veciñanza apoia esta convocatoria e súmase a esta mobilización**, contribuíndo na súa difusión e participando na mesma, que terá lugar **este venres (8 de marzo) ás 19:30 h con saída dende o Centro de Saúde.** Cuntis segue a ser exemplo e iso é algo que nos enche de orgullo.

O éxito rotundo das mobilizacións do pasado ano deixaron en evidencia a aqueles que negaban a súa lexitimidade ou a súa necesidade. Algúns mudaron de posición por puro interese electoral, outros sumáronse ao auxe reaccionario de quen nega o machismo como compoñente estrutural da nosa sociedade. Son os mesmos que están detrás de prédicas racistas, xenófobas e retrógradas coas que buscan unha involución histórica na nosa sociedade. Non llo imos permitir, e será o movemento feminista quen lle faga fronte ás ameazas emerxentes da dereita.